



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

# BANDO SOBRE OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS PARA VERBENAS E FESTAS POPULARES

**DON JOSÉ MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE – PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE PARADELA.**


### FAGO SABER

A Lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no seu artigo 42, regula diversos aspectos, entre os que cabe destacar os seguintes:

**PRIMEIRO.-** As verbenas e festas populares **sen instalación de escenarios móbiles, non precisan de licenza municipal, resultando suficiente para a súa celebración a comunicación previa ao Concello.**

**SEGUNDO.-** No caso de que se vaian **utilizar escenarios ou estruturas móbiles**, entendendo por tal tanto as orquestras que actúan sobre escenarios móbiles e as atraccións (coches eléctricos, inchables, carruseis...) deberase presentarse pola Comisión de Festas, a seguinte **documentación:**

- **Seguro de responsabilidade civil.**
- **Memoria descritiva do lugar; datas e horarios; actuacións a desenvolver; previsión de asistentes así como a relación de escenarios ou estruturas móbiles que van a acudir a festa.**
- **Boletín eléctrico da instalación (asinado por técnico competente).**
- **Declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente ao escenario móbil ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado por técnico competente).**

O ALCALDE,  
  
Concello de Paradelas  
Lugo  
Galicia